

## O GALEGO, LINGUA MINORIZADA

### Linguas minoritarias e linguas minorizadas

Tradicionalmente, os sociolingüistas chamaban lingua minoritaria a unha lingua materna usada só nunha parte dun país con outra lingua oficial. Este criterio clasificaba unha lingua como minoritaria en función da súa situación nun territorio concreto e non polo seu número de falantes; segundo esta definición, corso, catalán, vasco, bretón, neerlandés e alemán serían todas linguas minoritarias en Francia.

Con todo, o alemán non ten un futuro incerto, polo menos a curto prazo porque é a lingua oficial en Alemaña, Austria e Suíza e posúe cento cinco millóns de falantes (aínda que estes feitos non melloren os dereitos lingüísticos dos seus falantes en Francia). En contraste, o bretón, falado só en Francia por 300.000 persoas, si está ameazado, pois perde falantes conforme morren as persoas máis vellas que o usan, xa que a xente nova tende a falar francés; ademais, nin é oficial en Francia, nin fóra dela.

Por outra parte, existen linguas con poucos falantes que gozan de forte protección aínda que compartan territorio con outras máis faladas. O feroés, lingua que falan arredor de 45.000 persoas das Illas Feroe (Dinamarca), é oficial no seu territorio, emprégase na administración, no ensino, nos medios de comunicación, etc.

Polo tanto, vemos que na anterior definición se aplicaba o adxectivo minoritarias a linguas con diferentes situacións sociolingüísticas. Algúns sociolingüistas propoñen empregar lingua minorizada para as linguas que no seu territorio se ven ameazadas pola presión exercida por unha lingua máis forte e reservar lingua minoritaria simplemente para as linguas con poucos falantes. Mentres que minoritaria significa 'con poucos falantes', minorizada significa 'que alguén ou algo a torna de menor importancia'. Segundo esta perspectiva, unha lingua minoritaria pode estar ou non minorizada. Podemos destacar tres características que definen as linguas minorizadas:

Están excluídas dos usos institucionais coma a xustiza, a relixión, o ensino, a prensa. Estes usos están desenvolvidos pola lingua dominante.

Os seus falantes deben coñecer a lingua forte, mentres que os falantes desta non están obrigados a coñecer a minorizada. Unha persoa pode vivir e progresar na comunidade da lingua minorizada coñecendo só a forte. Descoñecer a lingua forte supón ficar fóra do sistema.

Os seus falantes considéranse e son considerados parte da comunidade de falantes da lingua dominante, aínda que non a falen nin coñezan. Moitos indíxenas de Iberoamérica son considerados falantes de español só por seren bolivianos ou peruanos, aínda que sexan falantes habituais ou mesmo monolingües de quechua ou aimará.

## O galego, lingua minoritaria?

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, no ano 2003 un 61,21% dos galegos afirmaba falar só ou maioritariamente en galego, mentres que un 38,29% afirmaba falar só ou maioritariamente en castelán; o 52,02% afirmaba que aprendeu a falar en galego, o 30,07%, que aprendeu a falar en castelán e o 16,31%, nas dúas linguas.

Segundo as estatísticas, tres millóns de persoas falan ou saben falar galego. Deste xeito, cabe preguntarse se, desde un punto de vista cuantitativo, o galego é unha lingua minoritaria. No seguinte cadro vemos datos sobre o número de falantes das linguas do mundo, calculando que haxa 6.000 linguas:

		% do total
linguas con máis 100 millóns de falantes	8	0,13%
linguas entre 10 e 99,9 millóns de falantes	72	1,2%
linguas entre 1 e 9,9 millóns de falantes	239	3,9%
linguas con menos de 1 millón de falantes	5740	94,7%

Como vemos, o galego está entre as 319 linguas máis faladas; está no mesmo grupo ca o albanés, lituano, sueco, belorruso, búlgaro e finés, linguas nacionais e oficiais dos seus países. O galego, pois, é unha lingua tan minoritaria coma calquera destas.

## O galego, lingua minorizada?

Repasemos os criterios vistos para sabermos se o galego é unha lingua minorizada. Usos institucionais.

O galego predomina como lingua oficial das institucións públicas: os concellos, deputacións, a Xunta, as universidades producen a súa documentación administrativa nesta lingua. Con todo, o galego, a lingua maioritaria de Galicia, úsase pouco na prensa diaria, nas emisións de radio e televisión, na publicidade que anuncia bens e servizos, no ensino superior e nos documentos producidos nos actos xurídicos... Estes son síntomas de minorización.

### Necesidade do coñecemento

Na Constitución aparece a obriga de coñecer o castelán e o dereito a usar o galego: os galegos están obrigados a saber castelán, non a úsalo; e poden empregar o galego, pero non están obrigados a sábelo. Esta situación é mellor ca a doutras épocas, pero existe asimetría legal entre galego e castelán. A paridade daríase se recollese a obriga de coñecer galego e castelán e a liberdade de empregar calquera das dúas. Por outra parte, rara vez unha persoa é discriminada laboralmente por falar castelán; pola contra, danse casos de discriminación laboral por falar galego. Así, o galego segue a ser unha lingua minorizada.

## Consideración da comunidade. Función identitaria das linguas

Os galegofalantes son considerados parte da comunidade castelanfalante. As empresas (tanto galegas coma forasteiras) son reticentes a usar o galego ñas comunicacións cos clientes, sexa na publicidade, sexa nas comunicacións privadas. Presuponse que son falantes de castelán e diríxense a eles só nesta lingua. Para as empresas non hai unha comunidade galegofalante. Isto demostra a falta de paridade e que o galego segue a ser unha lingua minorizada.

Ninguén pode negar que existe unha mellora da situación do galego; pero unha análise da realidade mostra que non existe unha relación de paridade entre galego e castelán.

### **A política lingüística Como se minoriza unha lingua?**

As situacións de linguas en contacto poden xerar procesos de substitución lingüística; estes xorden como feitos históricos levados a cabo por persoas, non porque unha lingua sexa estruturalmente mellor ca outra. Resultan das tomas de decisión por parte de persoas con poder. No noso caso, alguén ditaminou o uso do castelán e non do galego nalgunhas funcións: «de hoxe en diante, os documentos oficiais serán escritos en castelán», «o ensino realizarase en castelán», etc.

Ata os anos sesenta do século XX, o culto da Igrexa católica, maioritaria en Galicia, celebrábase en latín; no Concilio Vaticano II, os bispos decidiron que se realizase na lingua dos fieis. As autoridades da Igrexa galega (bispos e arcebispos) xulgaron que os fieis galegofalantes pertencían á comunidade castelanfalante e que o culto non se celebrase en galego. Esta decisión do século XX ten consecuencias no século XXI:

- A Igrexa católica de Galicia case non presenta hoxe culto en galego.
- Moitos católicos galegofalantes pensan que o normal é o culto en castelán.
- Os máis dos católicos galegofalantes senten anormal a liturxia en galego.
- Algúns fieis opóñense ao uso do galego na liturxia por crelo inapropiado. Estes feitos ilustran como minorizar unha lingua ou consolidar a súa minorización.

### **A política lingüística. O galego en vías de normalización. Como se normaliza unha lingua minorizada?**

As funcións realizadas por unha lingua non se deben ao azar: resultan de tomar decisións en situacións históricas concretas. Esta toma de decisións chámase política lingüística. Cando unha entidade decide sobre os usos das linguas, realiza unha política lingüística: así como existen políticas económicas, culturais, científicas, hai políticas que organizan o uso das linguas. Pódense tomar medidas para excluír unha lingua dunha función ou para promover que realice funcións que antes non desenvolvía.

## A normalización lingüística

O dicionario dá tres definicións do adxectivo normal:

**normal:** adx. 1. Semellante á maioría, coma os demais: *Ten un piso de tamaño normal, nin grande nin pequeno.* Sin. Común. Ant. Estraño, raro. 2. Frecuente, habitual: *O normal aquí é comer moi cedo.* Ant. Raro, infrecuente. 3. Natural, que non resulta raro: *É normal que os meninos devezan polas larpeiradas.*

Para os máis dos galegos o galego é normal nos sentidos 2 e 3: óeno falar adoito, fálano decote e mesmo se senten raros se usan o castelán. Porén, moitos galegofalantes só saben ler e escribir castelán, ou só están cómodos lendo e escribindo castelán, só poden asistir a cultos relixiosos en castelán, rara vez poden ver películas no cine en galego e nunca poden ler na súa lingua as instrucións de uso dos electrodomésticos. Neste sentido, o galego non é unha lingua coma outras do seu medio, non é unha lingua normal na acepción 1.

A normalización lingüística é unha política que busca que unha lingua minorizada se empregue nas funcións institucionais das que está excluída por anteriores políticas lingüísticas minorizadoras. A normalización procura que unha lingua abandone o carácter de ameazada e o status de minorizada. Non pretende evitar só a desaparición dun idioma, senón sitúalo á altura da lingua forte, para que os usuarios das dúas linguas gocen dos mesmos dereitos e obrigas.

A substitución lingüística comeza porque hai unha lingua minorizada, desprestixiada, e unha lingua dominante, que acada o prestixio como consecuencia de usarse nas funcións altas.

### A normalización do corpus e a normalización do status

A normalización lingüística ten dous compoñentes: a normalización do corpus e a normalización do status.

- A normalización do corpus consiste na elaboración dun modelo de lingua que será empregado en todas estas funcións institucionais: a variedade estándar.
- A normalización do status consiste en tomar medidas para que a lingua minorizada amplíe os seus usos ata transformarse, cando menos, nunha lingua normal no sentido 1 da devandita definición.

Os límites da normalización están en función de intereses políticos: uns aceptan como obxectivo un bilingüismo coas dúas linguas ao mesmo nivel; outros buscan o monolingüismo na lingua minorizada, pois cren imposible o bilingüismo.

### Problemas para a normalización lingüística O marco legal

A política lingüística galega vese condicionada pola Constitución de 1978. Cando en 1983 o Parlamento galego aprobou a Lei de Normalización Lingüística, o artigo que obrigaba a coñecer o galego foi declarado inconstitucional e anulado polo Tribunal Constitucional: a Constitución, reconece só o dereito a falar galego (non o deber de coñecelo).

### **O marco social**

Non todos os cidadáns comparten as medidas políticas: de aí os diferentes partidos políticos ou que moitas leis produzan conflictividade social. O mesmo sucede coas medidas de normalización: algunhas persoas xulgan que as medidas normalizadoras violan os seus dereitos.

### **O marco cultural**

O status actual do galego como lingua minorizada parécelle normal a moita xente. Estas persoas poden non comprender por que alterar unha situación que foi a de toda a vida. Tamén existen crenzas sobre as linguas: «para que normalizar unha lingua minorizada se vale menos ca a dominante?». Estas crenzas ignoran que as linguas son, alén de medios de comunicación, marcas de identidade, patrimonios culturais da humanidade, e que as persoas teñen o dereito a empregar as súas linguas.